

COMISIÓN CENTRAL DE CARÁCTER CONSULTIVO
ELECCIÓN SERGAS 2015

Pola Administración

- Alberto López Suárez
Subdirector xeral de Relacións Laborais e
Réxime Xurídico
- María Ponte García
Xefa de Servizo de Relacións Laborais
- Javier García Caeiro
Xefe de Sección de Relacións Laborais

Polas Organizacións Sindicais

- Manuel Rodríguez Piñeiro (CESM-O
'MEGA)
- Nuria González Cancelo (CESM-O' MEGA)
- María Montes Álvarez (CESM-O' MEGA)
- M^a Xosé Abuín Álvarez (CIG)
- Susana Méndez Rodríguez (CIG)
- M^a Teresa Joaquín Suárez (SATSE)
- Juan Manuel Conde Fernández (SATSE)
- Daniel Otero Castiñeira (CSI.F)
- Ángel Cameselle Corbacho (CC.OO.)
- Javier González Castro (CC.OO.)
- Javier Martínez Fente (UGT)
- Luis Santiago Jerez Couselo (UGT)
- Pilar López Mera (USAE)

Lugar: Sala de Xuntas do Servizo Galego de
Saúde.

Data: 16 de abril de 2015.

Hora de comezo: 9:30 horas.

Asistentes: Os membros da comisión que se
relacionan á marxe.

Orde do día: Aplicación dos laudos arbitrais.

Ante os recentes laudos arbitrais (30-L/15,
Coruña; núm. 10 e 11/2015, Ourense), relativos á
exclusión do persoal residente en formación das
listas de electores para membros das xuntas de
persoal, con abeiro no principio de conservación
dos actos válidos, e na procura de respectar o 6
de maio como data de votación, **as partes
asinantes**, pola súa condición asemade de partes
nos referidos procedementos de arbitraje,
acordan por unanimidade:

1.- Dar por cumpridos os termos dos recentes
laudos ditados nos procedementos arbitrais
indicados, que afectan as áreas sanitarias
(circunscricións electorais) da Coruña, Ferrol,
Santiago de Compostela e Ourense, coa
exclusión do persoal residente en formación dos
censos electorais. Para tal efecto, xuntárase un
anexo aos censos no que se reflicta, de xeito
público e expreso, a relación do persoal residente

en formación de cada EOXI que, con base nos laudos, queda excluído do proceso electoral.

A mesma solución adoptárase nas 11 áreas sanitarias afectadas polo proceso.

2.- O anterior afecta non só á elaboración dos censos, senón tamén á composición das mesas coordinadoras e das propias candidaturas, que deberán quedar configuradas nos termos do apartado precedente. Polo cal, as partes asinantes acordan ampliar o prazo de presentación de candidaturas ata as 24:00 horas do venres, 17 de abril de 2015.

De tal xeito que o calendario establecido, sen alterar a data da votación inicialmente fixada e en aras da garantir o dereito de sufraxio activo e pasivo en igualdade de condicións en todas as circunscricións, modifícase do xeito seguinte:

- Luns, 20 de abril de 2015, ás 13 horas: proclamación provisional das candidaturas.
- Martes, 21 de abril de 2015: reclamación á proclamación provisional de candidaturas.
- Mércores, 22 de abril de 2015, ás 13 horas: resolución das reclamacións e proclamación definitiva das candidaturas.
- Desde o xoves, 23 de abril ata o luns, 4 de maio de 2015: Propaganda electoral.
- Martes, 5 de maio de 2015: Xornada de reflexión.
- Mércores, 6 de maio de 2015: Día das votacións, entre as 8:00 horas e as 23:00 horas.

3.- O número de representantes nas xuntas de persoal determinarase sen computar o persoal residente en formación.

4.- As partes asinantes acordan desistir dos procedementos arbitrais que, de ser o caso, teñan promovido pola expresada causa (isto é, debe garantirse en todo caso o cumprimento dos laudos); así como non interpoñer novos procedementos de carácter arbitral ou xudicial que poidan supoñer a contravención dos presentes acordos no que se refire a este proceso electoral.

As 12:30 horas levántase a sesión.

Pola Administración

Polas organizacións sindicais